

Primeira aproximación á narrativa de Manuel María

CÉSAR C. MORÁN FRAGA

Comezaría facendo un inventario do que hai na obra narrativa de Manuel María sen pretender que sexa completo, pero en principio habería que destacar que ten publicados contos e relatos e dúas novelas inéditas. En 1952 aparecen os *Contos en cuarto crecente*, en 1962 *Contos en cuarto crecente e outras prosas* na 2ª edición.

De 1965 e 1966 hai na revista *Grial* dous relatos: un chámase *As augas van caudales* e o outro *Os alugados*. Tamén do 66 sería *O xornaleiro e sete testemuñas máis*. Do 73 son uns relatos titulados *Kricoi*, *Fanoi* e *Don Lobonís*, publicados en edicións Castrelos, Vigo. De 1991 é o libro *A tribo ten catro ríos*, publicado por S.M. na colección “El barco de vapor”, un libro fermoso, e de 1992 é *Cando o mar foi polo río*. De 1994 sería *Viaxes e vagancias de M.P.* e de 1995 *Novena a Santa Isabel, por un devoto de Outeiro de Rei...*, para chegar ao 2003 cando se publican as *Historias do empardecer* en edicións Laiovento. E logo teríamos tamén *As ribeiras son escuras*, o libro de relatos publicado por Everest. Xa digo que non pretendía unha revisión completa, mais, en principio, un inventario rápido da obra narrativa de Manuel María levaríamos a algo parecido a isto. Despois de min virá alguén que achegue máis datos, pero en principio serían abondo estas referencias para os fins que nos propomos. Tamén non pretendo facer un comentario de todo, senón que debo confesar de entrada que as miñas humildes palabras aquí son consecuencia da lectura de cuarenta e nove relatos do autor, de diferentes épocas, aínda que ás veces é moi difícil precisar a época porque, por exemplo, nas mesmas *Historias do empardecer* o autor confésanos

no prólogo que son de diferente época, pero sen que haxa especial matización sobre o tema. Un pode ás veces darse conta de algunhas cousas.

Entón, seguindo con aspectos introdutorios, diría que falar da obra de Manuel María é entrarmos no punto cero de algo que aínda cumpriría iniciar, pois non hai un aparato detrás (bibliográfico, crítico) no que basearse. Mais iso é precisamente así porque, como todo o mundo sabe, Manuel María é esencialmente un poeta, e todo o demais está arredor dese aspecto fundamental de Manuel María, que é o poético.

Diría así mesmo que a relación da narrativa de Manuel María coa súa conversa, coa súa riquísima e entrañábel conversa, é unha evidencia. E creo que neste aspecto intentarei ser obxectivo, mais a obxectividade resúltame difícil, polo trato persoal. Tiven a fortuna de coñecelo e ter un trato con el nos últimos anos do máis gratificante. Iso, ás veces, o trato persoal, pode dificultar o rigor científico aínda que non o entorpece. Desde logo si que me honro do coñecemento dunha humanidade tan entrañábel como foi Manuel María, que coñecín sobre todo nos últimos anos a raíz das estadias, das coincidencias en Mondoñedo, porque ambos pertencíamos á Fundación Álvaro Cunqueiro... Unha das persoas que desde o principio estivo aí e con vontade de facer cousas era Manuel María. Entón eu non poderei nunca esquecer as longas conversas e os longos paseos polas rúas de Mondoñedo, esa cidade simbólica e cultural de Galiza, e non poderei esquecer os xantares, as comidas, no Montero ou no Valeco, en compañía de amigos como Moncho Reimunde aquí presente e outras persoas... Realmente aí é cando víamos que Manuel se puña a falar con tan rica intensidade e agora vemos relatos escritos de Manuel María e son exactamente igual ou moi parecido a como el falaba. Tiña ese don de saber contar contos, de saber contar historias, unido a unha prodixiosa memoria. Entón creo que é así. Tamén aí, nesa estadia en Mondoñedo, e neses contactos que logo tivemos moitas veces na Coruña e noutros lugares, poídemos aprender moito del e ver o que nos dicía acerca de Cunqueiro, acerca de Pimentel ou acerca de Fole, ou de Novoneyra, da súa mesma xeración, persoas coas que el tivera unha relación desde moitos puntos de vista.

Por razóns de tempo e de operatividade, vou limitar esta exposición a algúns aspectos temáticos e de procedemento na narrativa de Manuel María. Creo que se pode falar dos **temas** que hai nos seus relatos, que son os mesmos que hai na poesía, e son os mesmos que hai no teatro, e son os mesmos que hai no xornalismo.

Se Cunqueiro falaba de que non se podía vivir sen un país ao fondo, creo que isto está dunha maneira clarísima na obra de Manuel, dunha forma claramente reivindicativa, sempre un país, sempre unhas clases populares, as máis desfavorecidas. Todo ese mundo é un tema fundamental na obra de Manuel María. Ademais, o país que aparece na obra de M.M. é un país nun dos momentos históricos máis deprimentes, máis tremendos, máis terribéis, que é o da etapa da posguerra, da ditadura militar, dos anos cuarenta e cincuenta e ás veces sesenta, e que aparecen sempre aí. Algunhas veces hai referencias ao anterior, á ditadura de Primo de Rivera, á República, pero en xeral é ese mundo, o mundo que el viviu, esa mocidade del nesa época.

Temos sobre a mesa as *Historias do empardecer*, do 2003, teño este fermoso libriño *A tribo ten catro ríos*, e estoutro libro, *Os antes do silencio*, onde está compendiada boa parte dos relatos anteriores... e moitas veces voume remitir aquí.

Un dos temas que aparecen aquí retratados son os *medradores*, os “trepas”, desde esa perspectiva crítica e irónica. Así por exemplo chámame a atención un relato que se chama *O home que se fixo a si mesmo*, onde podemos encontrar pasaxes como esta:

“e unha vez feito oficial don Fiz quedouse no exército e comenzou a estudar Meiciña. Íbase esaminar co uniforme posto. E deseguida rematou a carreira. E así que rematou a carreira pasou á reserva. Eso quere dicir que se foi para a súa casa cobrando unha boa paga do exército que aínda, gracias a Deus, segue disfrutando. E esta é a primeira nómina que cobra don Fiz. Como era médico metérono no Seguro de Enfermedade. E esta é a segunda nómina que cobra don Fiz. Como pasou á reserva do exército tiña dereito a un destino civil. E entón nomeárono Médico de A.P.D. E esta é a terceira nómina que cobra don Fiz. E como quedou unha praza vacante no Instituto de Hixiene, déronlla a don Fiz. E esta é a cuarta nómina que cobra don Fiz. E como o nomearon alcalde e o alcalde ten dereito a gastos de representación, esta é a quinta nómina que cobra don Fiz...”

E así pode todo o mundo imaxinar como vai derivando esta forma burlesca, irónica, de caracterización destes personaxes que podemos chamar “medradores” ou “trepas”.

Tamén por exemplo hai un relato que se chama *O Forquitas*. O Forquitas é un personaxe disposto a todo con tal de medrar. Ten un detalle curioso. É quizá un dos relatos máis logrados. Comeza cun narrador-testemuña afirmando que el matou o Forquitas, pero que non o movía ningún interese persoal, nin ciumes nin vinganza. Matouno porque era un indesexábel. E hai que destacar cousas moi logradas desde o punto de vista técnico-narrativo, pois utiliza a técnica chamada “telefónica” que empregara Blanco Amor en *A esmorga*: reproducir só as palabras de quen se confesa e non as palabras do interlocutor...

Outro tema moi tratado é o da *burocracia* e a *Administración*. Aí podíamos citar como exemplo o relato chamado “*O liberado*”, un secretario que era competente e servidor do pobo e que acaba sendo cesado na súa función. Desenvólvese na Ditadura de Primo de Rivera, despois na República e logo na Guerra Civil, onde é represaliado. Outro relato é o “*Secretario de Terceira*”. Trátase de Don Saturno, en contraste co seu Alcalde que está caracterizado como “burro”.

Un tema tamén tratado por Castelao, por Vicente Risco, por Blanco Amor, xa por Otero Pedrayo, e tamén por Cunqueiro, que é onde eu máis o teño detectado, é a referencia, entre a ternura e a ironía, e a crítica..., ao grupo social dos *maragatos*. Como se sabe, os maragatos foron os primeiros que puxeron tendas de ultramarinos, eran comerciantes... Sempre me chamou a atención que autores como os anterior-

mente citados trataban esta figura social cunha mestura de condescendencia e unha ollada crítica ou de ironía. Tamén aquí Manuel María ironiza sobre este tipo de comerciantes, por exemplo no relato *Xan López, obreiro*:

“Don Fulxencio, cun criado e un carromato, tirado por un par de mulas, iba polas aldeas de arredor, como os maragatos, mercando xamós, touciño, fabas, centeo e todo o que lle venderan. A fortuna de don Fulxencio medraba de ano en ano”.

Ou, por exemplo, no relato *As persoas e as cousas son “asegún”*:

“O caso é que (...) decidín presentar (...) a miña candidatura para ocupar a vacante de Cronista Oficioso da miña vila natal, non fora o deño que lles dera por nomear, para gozar de tal bicoca, a un maragato ou a un de Rábade”

Tamén quería referirme a outro aspecto importante, de tipo autobiográfico, que é o do *tabaco*. Por exemplo no relato *Confesión a unha mesa de café* (curioso relato en que, xuntamente con *Carta a unha árbore* e *Sermón para lle decir a unha boneca*, utiliza como referentes, e dunha maneira personificada, elementos inanimados), a voz narrativa diríxese de xeito confidencial a unha mesa con tapete azul e que é confidente do poeta:

“Un azul como o fume deste cigarro que estou fumando e que se me desfai nunhas nubes cordiais e pequeniñas”

Tamén dunha maneira primordial, falando de elementos autobiográficos, aparece o seu *ser poeta*, que invade toda a obra. Na mesma *Confesión a unha mesa de café* podemos ler:

“Asesinádesme tódalas cousas, decía un poeta. E un poeta sempre dice verdade”

E en *Xan López, obreiro* pode lerse:

“Se ún quixera facer poesía lírica diría que os regos son as veas polas que circula o sangue do prado. Porque o prado –os prados- é un ser vivo. E logo falaría da sorriso do prado, do sorrir do prado, dos laios que o vento lle arrinca á herba”

Ou no relato *“O Krocói está no Cereixal”*:

“Se ún fora poeta diría que os piñeiros abaneados polo vento –os rumorosos- choran diante de tanta soedade”,

coa evidente referencia a Pondal.

Tamén se aprecia en todo o relato *Historia do quiosco da música que había na praciña do Concello*, contido en *A tribo ten catro ríos*.

Quizá non tanto ese *ser poeta*, senón máis ben dunha maneira total a presenza da poesía está noutros casos, por exemplo en “*O Tío Casas*”, personaxe que aparece en máis dun relato, igual que outros como Manuel de Paderna:

“O monte é plano e nél pérdese a ollada. No Vran o sol roi nél como un can danado e no Inverno o curisco azoutao fortemente”

Tamén en “*O Tío Casas*” lemos:

“A Soledade era unha das mellores mozas do povo, cecáis a máis fermosa. As cotovías tiñan envexa das suas cantigas e as rosas da sua cor”

Percibimos que quen está escribindo é un poeta.

Ou

“Manuel de Paderna era rumor invisíbel que apreixaba o saloucar das fontes e o latexar da noite”

Igualmente debemos destacar a temática do *mundo rural*, que é omnipresente. Tamén hai a temática urbana, pero a rural é moi importante, e ás veces mesmo apreciamos elementos como é a *seitura*, a sega, que posúe valor simbólico. Esta presenza da seitura observámola en relatos como *A rebusqueira*:

“No vrao o centeo está para seiturar. Despois de seiturar o centeo hai que comezar coa seitura do trigo. E despois, o orxo”

Esta presenza do mundo rural, ou dunha actividade como pode ser a seitura, está co mesmo valor simbólico que lle dera no seu día Cabanillas no poema *A Basilio Álvarez* (“Sementador, o trigo dos beirales...”), ese valor da sega como símbolo e metáfora ao mesmo tempo, e por suposto tamén o podemos ver até en cancións como a de Fuxan os Ventos baseada naquel poema de Luis Álvarez Pousa (“Sementar sementarei loguiño de clarear, en tanto no pobo medre un meniño, un vello e un cantar”). Son valores que están aí e que posúen a súa categoría mítica.

Son os prados e os regos, que apreciamos en “*Xan López, obreiro*”:

“Tiña que desangrar o prado, que lle limpar ben os regos para que a auga non se encorase e non formase un esteiro. Cando a auga se encora fai un esteiro e o prado comenza a derramarse, desaparece –morre debaixo da auga- a herba boa, a herba de calidade que comen ben as vacas e, no seu canto, comen a nacer xuncos e espadanas que rematan por inzar a todo o prado, que rematan por comer ó prado. Un prado inzado de xuncos e espadanas é un prado derramado”

E hai tamén algo moi importante: *a evocación dun mundo que está a desaparecer*, de maneira moi presente nun dos relatos publicados en *Grial: As augas van caudales*, que versa sobre a construción dun encoro.

E como tema final habería que incluír *a opresión baixo a ditadura* dunha forma directa e constante. Vou citar dous exemplos nada máis. Un é “*Carta a un amigo que vive no estranxeiro*”: un relato que nos atrapa. Atrápanos por ese ambiente de sixilo e clandestinidade. Onde estará ese tal Lois? Marcharía ao estranxeiro? Deteríao a policía? Que lle pasaría? Ese ambiente escuro que se viviu en épocas de verdadeira persecución, de clandestinidade. Que por certo tamén aparece desde outra perspectiva no relato “*A rebusqueira*”, esa muller que ao final acaba sendo detida pola Garda Civil e quíttalle o cesto de patacas porque lle di que estaba a roubar patacas. Entón a pobre muller, a Andreíña, vai para a súa casa sen o cesto de patacas e sen futuro de ningún tipo. Por outra parte a Andreíña representa as clases sociais máis desfavorecidas, un tema recorrente na obra de Manuel.

Á parte de temas, falaríamos dalgúns procedementos:

Nos máis dos relatos, Manuel María mestura a ficción, a historia, a biografía, o “diario”, a crónica costumista, o comentario crítico e a evocación lírica. Todo está moi mesturado. Só algunhas veces os relatos son concibidos como ficción narrativa en sentido estrito. Ás veces nótase claramente que foron concibidos como tais. Outras veces predominan outros elementos.

Hai moito de *memoria* na narrativa de Manuel María. Moita anécdota popular, como as que contaba oralmente en tantas conversas. Por exemplo en “*O Tío Casas*”:

“As bateladas das campanas dun povo non son iguais ás bateladas das campanas de outro povo, aínda que sexan semellantes. Nen a auga, nen o silencio, nen o rousar dos carros. O “Tío Casas” tenme dito en moitas ocasións:

- *Meu pequeno: as rás de Outeiro cantan moito mellor que as de Penelas.*

E eu sabía que era verdade”

Por suposto, hai moito de autobiográfico.

Tamén quería destacar aquí que algúns relatos teñen algo que ver, na miña maneira de apreciar, co que na poesía se chamou o *prosaísmo crítico* tan frecuente na poesía dos sesenta, común a Celso Emilio Ferreiro, na poesía castelá a Blas de Otero, por exemplo, e ao propio Manuel María en parte da súa poesía. Por exemplo no relato “*Fuco..., Fuquiño..., don Frank*” hai algo que se asemella moito á técnica poética do *prosaísmo crítico*:

“...Denantes chamábase Fuco. Agora chámase Frank. O seu nome, con unha soia vocal, dice máis e máis expresivo. É un nome respectábel: non cabe dúbida, duro como un seixo. Un nome que manca os beizos cando se pronuncia”

Ás veces, a caracterización dos personaxes ten concomitancias con Cunqueiro, sobre todo canto a esa visión irónica e tenra do paisano. En “*Xan López, obreiro*” podemos ler:

“Fulxencio mercara unha camioneta e, con ela, facía as súas operacións comerciais. Na camioneta puxera, polas bandas, un letreiro que decía:
“*Fulgencio Fernández. Exportador de frutos del país*”.”

Esta pasaxe poderíamola ver en Cunqueiro. E áchase ademais nos últimos anos de Manuel María unha –creo que consciente- presenza de Cunqueiro, tanto na narrativa como especialmente na poesía, da que el se preocupou con intensidade en congresos, en xornadas, etc.

Para rematar, referirei unha curiosidade, precisamente para abrir, suxerir ou simplemente indicar que sería interesante un estudo, unha edición, da obra narrativa de Manuel, porque ás veces hai cousas que non cadran.

Ollemos o libro *Historias do empardecer*, un libro fermoso, editado por Laioven- to e ilustrado por Ana Pillado maravillosamente, tanto na capa como nas páxinas interiores. Moi interesante o prólogo, un prólogo dirixido ao lector en clave literaria e irónica onde declara o autor ao seu amigo e editor Francisco Pillado Maior que son relatos escritos hai anos, e cita como influencias, como modelo narrativo, as noticias xornalísticas, as *Cousas* de Castelao e o xeito breve do escritor guatemalteco Augusto Monterroso, e cita tamén os boletíns dos museos e mesmo os discursos académicos, etc.

Non me refiro xa para nada ao que é a obra, pero si direi algo como curiosidade: sen dúbida é certo que as *Historias do empardecer* conteñen textos escritos en diferentes épocas, como o autor declara no prólogo. Pero no relato “*As persoas e as cousas son “asegún”: ensaio histórico*” pódese ler na páxina 69 o seguinte:

“Nin a chegada da luz eléctrica, do primeiro automóbil, do ferrocarril, da primeira malladora, do primeiro tractor, da televisión –en versión fina, “televeo”-, da subida á alcaldía de don Capitón...”

O xogo establecido a partir da palabra “televeo” non o comprenderá quen non saiba ou non lembre que en certos ámbitos da galeguidade dos anos 60-70 se deu en chamar “televeo” á televisión. Isto, quen o sabe, sábeo e quen non, non. Neste sentido, parece que Manuel María tivese unha primeira redacción utilizando este termo (“televeo”) e que non houbese excesivo rigor á hora de corrixir e adaptar para a publicación.

En fin, creo que está todo por facer. Así que moitas grazas pola atención.

APÉNDICE

Adxúntanse aquí algunhas notas tomadas durante a lectura dos relatos e que constituíron o punto de partida para a exposición anterior.

1) *Contos en cuarto crecente*¹: publicado por Eds. Celta, Lugo 1952: o primeiro libro en prosa dado á luz por un escritor novo despois da guerra civil. 2ª edición en 1962.

¹ En *Os ontes do silencio*, Nova Galicia, 1990.

- “*Os reises do neno Xan*”:
 - Tema: a imaxinación, desde a precariedade no ámbito rural.
 - Personaxes: o neno Xan, o home Xan e a muller Sabel.
 - É a véspera de Reis. O neno Xan desexaría un “reló”, unha “navalla con rabo de lagarto”, unhas “zocas novas” e unha “frauta”, pero non o cre posíbel e ilusiúnase coas palabras do home Xan.
Vaise deitar, caviloso e inqueda, e pola mañá, unha mañá de neve, olla a realidade cos ollos da imaxinación: “E os carbós do Rei Baltasar seica se voltaron brancos”.
 - Ambiente rural. Escuridade. Frío. Precariedade.
 - Comeza o relato con intromisión do narrador, que aos poucos deixa paso á narración máis áxil.
- “*Sagredario de Terceira*”:
 - Presentación irónico-burlesca do “Sagredario”, Don Saturno.
 - Inicio digresivo: ironía sobre a monotonía da Administración.
 - D. Saturno é home “ilustrado” onde todos son ignorantes, incluído o Alcalde, que “é un burro”.
Gosta da poesía pastoril, de Meléndez Valdés, Campoamor, Núñez de Arce...
 - Un día de inverno, vendo nevar, abandona o Libro de Actas e ponse a contemplar como cae a neve.
→ Escribe un soneto e tense por un home superior.
 - O feito puntual chega ao final do relato. Antes é descrición do habitual ou cotidiano.
- “*Historia dun paxaro*”:
 - Unha historia de amor, de ausencia e de morte.
 - Estructurada en seis pequenas partes:
Alternan as narracións onde as personaxes son EL e ELA, e as que son o MERLO e a ANDURIÑA.
 - El está fundamente namorado dela, pero ela quere partir cara lonxe e el non. Cando ela parte, el tírase do campanario da igrexa e morre.
 - Hai un recendo cunqueiriano, non só da narrativa, senón tamén dos *Poemas do si e non* (1933), especialmente en exemplos como:
“Ela amaba as súas cantigas. El amaba a súa voz”: ese Cunqueiro que bebe en Paul Éluard.
- “*O testigo*”:
 - Flavio é un home que vive dun xeito rutinario, e toda a súa vida está marcada pola orde. Un home moi ordenado.
Así se describe na primeira parte do relato.
Na segunda, comeza a acción puntual: Flavio sae a pasear e ten lugar un accidente do que resulta un neno morto e unha rapaza motorista ferida.

Todo o seu sentido da orde rompe ao non ser capaz de comprender e interpretar. É a única testemuña e non sabe explicar nada.

Finalmente lévao a policía para interrogalo.

- O ambiente vaise facendo “kafkiano”.
- “*Fuco..., Fuquiño..., Don Frank*”:
- Tema: emigración a América desde unha aldea de Lucenza.
 - Relato desde a terceira persoa, que impón o requerido distanciamento que permite a ironía.
 - O máis relevante: a ironía sobre o cambio de nome por razóns sociais: intimidade, servizo militar, traballo en América.
 - Retorno ao “paraíso perdido” e decepción ao non se sentir xa parte del: é xa un “americano”.
 - A repetición insistente (irónica) como técnica do relato. Antes chamábase Fuco. Agora chámase Frank...
 - Personaxes: Fuco, Don Karl e Nena.
 - Espazo: a Galiza rural e a realidade comercial americana.
- “*O Tío Casas*”:
- Narrador testemuña (1ª persoa)
 - O Tío Casas (personaxe) é símbolo do home do pobo que coñece a vida. É peón ferroviario. Casa e ten un fillo, pero este mórrelle e a muller déixao de querer. Entón vén o seu declive.
- “*A Rosa*”:
- É un pequeno texto reflexivo sobre o íntimo, a vida e a morte, a ROSA que vive en nós e que se murcha antes de comprendela.
 - Ten unha parte introdutoria, puramente reflexiva, e outra onde aparece Manuel de Paderna, en diálogo coa primeira persoa.
- “*Carta a unha árbore*”:
- A primeira persoa (home) fala a unha árbore (narratario) tratándoa de “miña amiga”.
 - Tema: a vida, a morte, a existencia, a natureza...
- Como entidade non presente pero aludida: os paxaros (elemento común aos dous).
- “*Sermón pra lle decir a unha boneca*”:
- Reflexión dirixida a unha boneca. Matices irónicos.
- “*Confesión a unha mesa de café*”:
- Utiliza a mesa de café como narratario (confidente) e desde aí dá saída libre ás súas reflexións, como por exemplo:
“A soedade pesa no noso corazón
como un penedo: ti sábelo ben”
 - A mesa de café está tratada como humana:

“Ti sabes sorrir: a tua sorrisa chega ó máis fondo da miña soedade e desfai a miña obra de home”.

Estes tres últimos relatos (“*Carta a unha árbore*, *Sermón pra lle decir a unha boneca* e *Confesión a unha mesa de café*”) teñen en común o a actitude do narrador con respecto a obxectos en principio inanimados, que trata como confidentes.

2) **Testemuñas**²: pertence ao libro *O xornaleiro e sete testemuñas*, Eds. Galicia, Centro Galego de Buenos Aires. Premiado en 1969.

— “*Anacos dun diario*”:

- Fala o narrador, a modo de diario, da mentalidade “sucursalista” de moitos dos seus compañeiros de xeración.
- É unha xeración que nese momento “anda polos 40”.
- Fala co seu mestre de escola primaria, do lastre da guerra civil.
- Di: “Eu son aldeán. Procedo dunha familia de labregos por fortuna miña”.
- Os rapaces xogaban á guerra: uns eran os “nacionais” e outros os “roxos”.
- Acaba con retranca humorística, cunha anedota.

— “*Carta a un amigo que vive no estranxeiro*”:

- Sendo unha carta (deixando de parte o feito de ser ficción ou realidade), “atrapa” ao lector fundamentalmente.
- O tema é o medo ante a desaparición do amigo Lois, coa conseguinte descrición dos interrogatorios en comisaría e o clima escuro de sixelo e clandestinidade imposto na ditadura.

— “*A rebusqueira*”:

- Neste relato, como en moitos de Manuel María, pártese dunha descrición “costumista” (e en parte idealizada ou “épica”) da seitura do centeio e do trigo, para centrar a atención nunha personaxe, a Andreíña.
- Durante a maior parte do relato a narración é en presente, describindo a vida cotidiana da Andreíña, mais cara ao final sobrevén a acción puntual, coa aparición da parella da Garda Civil, que acaba levando presa á Andreíña, acusándoa de roubar patacas.
- Andreíña, representante das clases sociais máis desfavorecidas, acaba indo para a casa, humillada e sen futuro.

— “*O liberado*”:

- Un “segredario” do concello que é competente e servidor do pobo.
- Tempo:
 - a) na Ditadura de Primo de Rivera
 - b) na República: o Alcalde perde as eleccións

² *Ibidem*.

c) na Guerra Civil: primeiro o alcalde, e despois o crego, o boticario e os poderes fácticos... contribúen a que sexa detido e suspendido de emprego e soldo.

— “Xan López, obreiro”:

- Un relato en oito pequenas partes, onde o protagonista é “Xan López, obreiro do campo, eventual”, que aparece con tintes épicos.
- O centro do relato é o protagonista facendo regos no prado de D. Fulxencio. A partir daí a narración móvese no descritivismo ambiental (prado, auga, fenómenos meteorolóxicos como a néboa mesta e a xiada en “caramelo”) e tamén en particularidades do personaxe e da realidade social do contorno (D. Fulxencio).

— “*O home que se fixo a si mesmo*”:

- Burla irónica de D. Fiz, o home que medrou cobrando moitas nóminas. Utiliza o procedemento da repetición como recurso paródico-burlesco.

3) *Kricói, Fanoi e Don Lobonís*³: facía o número 33 da colección O Moucho (Edicións Castrelos, Vigo, 1973).

— “*O Kricói está no Cereixal*”:

→ O Kricói é un grilo, o único habitante do Cereixal, un lugar que quedou sen xente.

O tratamento responde á visión dun poeta, tanto polo tratamento humano do grilo como pola evocación do que xa non é.

— “*O Forquitas*”:

- A voz en primeira persoa confesa como matou o Forquitas porque era “un indesexable”. “Non foi unha vinganza persoal”.

→ O máis relevante é o uso da *técnica telefónica*, como Blanco Amor en *A esmorga*, no inicio do relato. Relato moi breve:

Estrutura:

- a) Técnica telefónica
- b) Traxectoria do Forquitas
- c) Relato do encontro co Forquitas e como lle dá morte coa escopeta.

— “*A loita do Fanoi*”:

- O Fanoi é un galo. Primeiro faise rei do galiñeiro. Logo intenta liberar todos os pitos dunha granxa. Fracasa e esmorece.

— “*O Xesús*”

— “*A abella chamábase Avesías*”

— “*Informe político-cívico-municipal encol do Concello e dos ilustres rexidores da vila de Caravel da Raiña*”

— “*Suceso da ovella Merela e don Lobonís*”:

³ Ibidem.

→ A ovelliña Merela acaba matando e comendo a D. Lobonís, un lobo que atemorizaba o contorno... (!)

4) Dous relatos publicados en *Grial*:

— *As augas van caudales* (in *Grial*, 1965)

→ Dividido en dez pequenas partes. Relato extenso.

- Vaise construír un encoro
- Na taberna fálese do tema
- Moita digresión falando de personaxes: os irmáns Alfredo e Fuco...
- Moita digresión sobre a utilidade e as consecuencias do encoro
→ O ritmo narrativo deixa o seu lugar á reincidencia.
- Desde búxanse personaxes, narrador e relatos.
→ O mellor é a evocación lírica:
“O río era o pobo. O río era algo así como o espírito do pobo...”
→ O ritmo vén ao final, cando o personaxe dispara contra o Xefe Administrativo chamándolle:

¡¡¡Ladrón!!!

— *Os alugados* (in *Grial*, 1966):

- A seitura do centeo.
A cuadrilla composta por tres parellas: tres homes e tres mulleres: o tío de Benito e Antón do Caseiro, os homes, e a Manuela, a Dosinda e a Carme, as mulleres.
- Costumismo.
- Non hai propiamente ritmo narrativo, senón que o relato se perde entre descrições de personaxes (historia, mundo, traxectoria) e retrato da vida rural.
- Despois dun periplo como segadores alugados por terras de Lugo, a cuadrilla volta á aldea.
- Non hai o final impactante do relato anterior.

5) *A tribo ten catro ríos* (S.M., O barco de vapor, 1991; 2ª ed. 1994)

→ Todos os relatos se inician cuns versos.

→ Neste libro hai máis concisión. Son textos amenos, entre a anedota, o poema e o relato onírico.

— “*Como naceu o Regato de Cepelo*”:

- Comeza cos fermosos versos
“Regato de Cepelo: naces e morres
na miña tribo, breve coma
a milagreira pinga do orballo
que se pousa no pétalo da rosa,
espello dos meus soños, murmurio
de fruta e asubío, salouco
emocionado e irreprimible, cunco
de pureza musical, laverca

chiadora, fadada raioliña
de lúa deitada docemente
nesta terra, humana e vella, só
para darlle a túa delicada levidade”.

- Conta a historia do Regato de Cepelo, como un río soñado e debuxado por Ramón Lamote.
- “*Crónica dunha sesión municipal que non saíu nada mal*”:
→ Aparece aquí Manuel de Paderna, personaxe de varios relatos, neste e outros libros.
→ “*Orixe e lenda do Campo de Santa Isabel*”:
→ Canto-descrición do río Miño, ao seu paso por Outeiro de Rei.
- “*Breve e proveitosa noticia da barbería de Paderna*”:
Pegadas cunqueirianas...
— *Historia do quiosco da música que había na Praciña do Concello*:
— *A espingarda de Vagancias*”:
→ É o relato máis logrado do libro, e penso que dos mellores do autor.
 - Pepe Vagancias, o rapaz que se botou ao monte coa espingarda que se gardaba na hucha.
 - Ben narrado. Ritmo narrativo.
 - Realidade e soño. Valor poético.
 - Relato áxil.
- 6) *Historias do empardecer* (2003)**
→ Laiovento. Capa e ilustracións de Ana Pillado.
- “*Carta Prólogo*” (*en clave literaria e irónica*):
 - Declara o autor (ao seu amigo e editor Francisco Pillado Maior) que son relatos “escritos hai anos”.
 - Cita como influencias (como modelo narrativo):
 - b) as noticias xornalísticas
 - c) as *Cousas* de Castelao
 - d) o xeito breve do escritor guatemalteco Augusto Monterroso
 - e) os boletíns dos museos e os discursos académicos.
- *O libro divídese en dúas partes*:
 - a) “Breve noticia dalgúns que non son ben de seu, tamén chamados privados ou derramados”
 - b) “Pequenas crónicas de figurantes, camiñantes e mareantes”
 - No primeiro apartado fanse retratos de personaxes:
- *O señor Manuel de Brocha Grossa*
- *O Gabrieliño do Castro*
- *Muñocito*
- *O Anastasio*
- *O Penelo*:

- Era un gaiteiro.
- Estrutura:
 - a) Introducción sobre a importancia da gaita como elemento identificador...
 - b) Introducción do personaxe, O Penelo, un moicante que empregaba a gaita para pedir esmola.
 - c) Andanzas do Penelo, entre San Clodio e a Póboa de Trives.
 - d) Contraste entre O Penelo e os gaiteiros coñecidos como “Os Trintas”.
 - e) Final: caricatura de “O Penelo”
- *Chaiño de Loentia*
- *O Tumbalobos*
- *O Merexildo*
- *Codiña de pan e queixo*
- *A tola de Vilauxe*
- *O suborno*: como noutros casos, retallos autobiográficos, nesta ocasión na súa faceta de procurador.
 - No segundo apartado (“Pequenas crónicas de figurantes...”) inclúense:
 - “Unha sombra vai polo camiño”:
 - A partir da pintura da Degolación dos Inocentes que hai na Catedral de Mondoñedo, o narrador conta unha historia, citando como fonte a palabra de Cunqueiro, que resulta ser tamén moi cunqueiriana no fondo e na forma.
 - *O milagre de Santiago Apóstolo que non figura no Codex Calixtino*:
 - Xogando co anacronismo e coa imaxinación fantástica, e dado que non encontra no Codex Calixtinus nada referido ao nacemento das azas dos anxos, dá o narrador unha versión, “a verdadeira”, que é o relato do que lle aconteceu ao mouro Mullei Mohamede, que non podía tolerar o Santiago matamouros.
 - *No campo hai unha ermida*:
 - Nárrase a historia da ermida de Santa Isabel, abandonada, levada polas augas da riada e traída de novo inexplicabelmente por unha nova crecida até o seu lugar orixinario.
 - Indirectamente, o autor aparece no texto como “poeta local” e “cronista oficioso da vila”.
- *“As persoas e as cousas son ·”asegún”*: *ensaio histórico*:
 - Centrado en Outeiro de Rei, ten como personaxe principal “O Tío Casas” (que xa aparecera como tal nome noutro relato), “herexe”, “excomungado”, “descrente”...
 - O episodio co Padre Ramos, redentorista, ten ritmo e interese narrativo.
 - O propio autor recoñece que o seu “relato” é “traballo, discurso, ensaio, monografía e opúsculo”.